

DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 29 de xuño de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3.- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FOMENTO E PROMOCIÓN DO DEPORTE, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA. ORZAMENTO DO 2026. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2026025568).
Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Deportes, que textualmente di:

“Informe proposta para a aprobación das bases de subvencións para o fomento e promoción, en xeral, da Educación Física e do Deporte a clubs e entidades deportivas, en réxime de concorrencia competitiva. Orzamento do 2026.

NORMATIVA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol.
- PLAN ESTRATÉXICO de SUBVENCIÓNS do CONCELLO de FERROL 2024-2026 (liña estratéxica 4.3 Promoción e Fomento do Deporte, subvencións de concorrencia competitiva).
- Instrución 2/2024 do Concelleiro delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación de data 20/03/2024 para a tramitación de bases específicas reguladoras de subvencións no Concello de Ferrol.

O concelleiro delegado especial de Deportes, ordenou a tramitación do expediente correspondente ao programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para fomento e promoción do deporte en réxime de concorrencia competitiva mediante providencia de data 04/06/26.

Consta no expediente informe técnico da coordinadora de actividades deportivas de data 05/06/26.

As resolucións que se adopten nesta materia son competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local e no acordo da propia Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023 (BOP n.º 241 de 20/12/2023).

A aprobación do expediente deberá ir precedida do informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Municipal.

En consecuencia, **proponse á Xunta de Goberno Local adoptar os seguintes acordos:**

Primeiro.- Aprobar as Bases específicas e os seus anexos que rexerán o programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do deporte en réxime de concorrencia competitiva, orzamento 2026, que se incorporan como anexo á presente proposta.

Segundo.- Aprobar o importe correspondente ao gasto das ditas subvencións pola contía total de 180.000 €, que será imputado á aplicación orzamentaria 05004-3411-480.00.

Terceiro.- Aprobar a convocatoria pública para o Programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do deporte en réxime de concorrencia competitiva, orzamento 2026 e remitir un extracto á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación no BOP de A Coruña a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ferrol, na data das sinaturas dixitais.

A xefa do negociado de Deportes

O concelleiro delegado especial de Deportes

*Anexo I. Bases

Bases para o programa de subvencións a clubs e entidades deportivas para fomento e promoción do deporte en réxime de concorrencia competitiva 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O réxime xurídico das subvencións para outorgar polo Concello de Ferrol rexerá pola normativa básica estatal recollida na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como polo seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, así como pola normativa autonómica, en concreto pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O artigo 17 da Lei 38/2003, esixe que a aprobación das bases reguladoras das subvencións das entidades locais se faga no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións. As presentes bases están en consonancia coa ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol (BOP da Coruña núm. 191 do 3/10/2024), as bases de execución do Orzamento Xeral 2026, o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026 (BOP da Coruña núm. 39 do 23/02/2024) e a Instrución 2/2024 para a tramitación de bases específicas reguladoras de subvencións do Concello de Ferrol.

A normativa indicada establece como principios de xestión das subvencións a publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, os cales deben ser respectados nas presentes bases.

Polo que respecta a esta modalidade concreta de subvencións, o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que as Corporacións locais favorecerán o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitaránlles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o

uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsarán a súa participación na xestión da Corporación.

Doutra parte, o artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispón que na medida en que o permitan os recursos orzamentarios, o Concello poderá subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que realicen, que complementen ou suplan as competencias do Concello de Ferrol.

No mesmo senso, a lexislación sectorial (Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia) establece no seu artigo 8 como competencias dos municipios *“Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar; promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas; e calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos desta lei”*.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ferrol na sesión de data 13 de febreiro de 2024 aprobou o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026 que recolle o recoñecemento da concesión de subvencións nas liñas correspondentes á área de cultura, promoción de deporte e educación.

O Concello de Ferrol, no marco das súas competencias ten, entre as súas prioridades, a concesión de axudas económicas destinadas á promoción do deporte, co obxectivo de contribuír a que as entidades privadas sen ánimo de lucro dispoñan de medios para o cumprimento dos obxectivos que lles son propios e ao mesmo tempo para que actúen como motores e garantes da participación cidadá efectiva nos seus distintos ámbitos de actuación.

RÉXIME XURÍDICO.

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.
- Bases de execución do Orzamento Xeral do Concello de Ferrol.
- Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026, liña estratéxica 4.3 Promoción e Fomento do Deporte, subvencións de concorrencia competitiva.
- Instrución 2/2024 para a tramitación de bases específicas reguladoras de subvencións do Concello de Ferrol.
- Cantas outras normas legais ou regulamentarias conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no devandito ámbito.

BASE PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

As presentes normas teñen por obxecto regular a liña de axudas a clubs e entidades deportivas, debidamente rexistradas no Concello de Ferrol, para o fomento e promoción, en xeral, da Educación Física e do Deporte.

As axudas reguladas nestas normas especiais teñen a natureza xurídica de subvención e outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva, ao amparo do disposto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As subvencións e axudas ás que se será de aplicación estas normas especiais reguladoras son as seguintes:

1. Actividades levadas a cabo por Clubs e entidades deportivas mediante a participación en competicións deportivas federadas.
2. Actividades levadas a cabo por Clubs e entidades de base de iniciación deportiva e fomento da práctica deportiva non federada.

BASE SEGUNDA.- BENEFICIARIAS/OS.

Poderán ser beneficiarias as entidades deportivas sen ánimo de lucro constituídas, de acordo as súas disposicións específicas por persoas físicas ou xurídicas, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, con sede social ou delegación no termo municipal de Ferrol e que teñan por obxecto o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel.

Exclusións

Quedan **excluídas** do presente programa as seguintes entidades e/ou actividades:

- As Federacións Deportivas e Entes de Promoción Deportiva.
- Clubs ou entidades ou actividades que tan só teñan carácter interno ou social.
- Clubs ou entidades que desenvolvan a súa actividade fóra do termo municipal de Ferrol. Calquera actividade que de forma continuada se desenvolva fóra do termo municipal non será obxecto de valoración no baremo. (Exceptúanse todas aquelas que deriven dos compromisos de competición).

Así mesmo, deberase ter en conta as seguintes limitacións para concorrer a mesma:

- Entidades que sexan beneficiarias de subvencións nominativas ou directas ao abeiro do mesmo exercicio orzamentario. Si poderán concorrer co resto dos equipos do club. En ningún caso, terase en conta na valoración ningún aspecto relacionado cos equipos obxecto da subvención nominativa (orzamento, licenzas, nivel de competición, RR. HH., ...).
- As escolas deportivas cando sexan obxecto de subvención nominativa no mesmo exercicio orzamentario. Neste suposto a entidade poderá participar na presente convocatoria unicamente co resto das escolas da entidade se as houbera.
- As actividades de fomento ou eventos deportivos para os que os clubs ou entidades deportivas reciban unha subvención nominativa ou directa ao abeiro do mesmo exercicio orzamentario. Neste suposto a entidade poderá participar na presente convocatoria unicamente co resto de actividades da entidade se as houbera.

BASE TERCEIRA.- REQUISITOS DAS/OS BENEFICIARIAS/OS E FORMA DE ACREDITACIÓN.

- Entidades inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol baixo o epígrafe de deportes e cos datos actualizados no momento de presentar a solicitude. O requisito de estar inscrito no antedito rexistro debe cumprirse á data de finalización do prazo de presentación das solicitudes e manterse polo menos ata a finalización do exercicio fixado na correspondente convocatoria. Terán a consideración de entidades inscritas, todas aquelas entidades inscritas no rexistro do extinto Padroado Municipal de Deportes.

- En ningún caso, poderase acceder á condición de persoa ou entidade beneficiaria cando estean pendentes de xustificación subvencións outorgadas polo Concello de Ferrol ou polos seus organismos públicos, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase con independencia de que o requirimento a que se refire o artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, se realizara ou non. A apreciación desta prohibición realizarase de forma automática e subsistirá entrementes perdure a ausencia de xustificación.
- Non contravir o regulado no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Non estar incursa en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao corrente das súas obrigas coa Administración Tributaria (de carácter estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
- Non estar ao corrente de pago das obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- Ter concertado e en vigor, ao corrente no pago das primas correspondentes, un seguro que cubra tanto a responsabilidade civil e a cobertura sanitaria (esta última no caso das actividades non federadas) nos termos que prevén, respectivamente, os artigos 23 e 22 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de acordo coa Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil. No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá acreditarlo de forma expresa mediante unha declaración responsable.

As obrigas das entidades beneficiarias das subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do Deporte (clubs, entidades deportivas e agrupacións deportivas) serán as seguintes:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Xustificar ante o órgano concedente ou á entidade colaboradora, de ser o caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou desfrute da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente ou entidade colaboradora, se é o caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicarlle ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

- Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, sen prexuízo de que a persoa interesada autorizase expresamente ao Concello a realizar as consultas dos datos que xa se atopen en poder doutras Administracións ou do propio Concello e que acrediten esta circunstancia.
- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiaria/o en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos nestas bases reguladoras, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto podan ser obxecto de actuación de comprobación e control.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

BASE CUARTA.- SOLICITUDE: PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN.

4.1.- Forma de presentación. A solicitude de subvencións presentárase obrigatoriamente nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.

As entidades interesadas en participar, deberán presentar unha solicitude a través do Portal do Cidadán na Sede Electrónica do Concello de Ferrol (<https://www.ferrol.gal/Sede>) á que se achegará a documentación que sexa obrigatoria presentar conforme ás bases.

No caso de presentación de varias solicitudes por unha mesma entidade, só se terá en conta a última presentada que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Non axustarse ós termos da correspondente convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54, 55 e 56 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

A documentación que se presente deberá ser orixinal ou copia compulsada, consonte aos requisitos previstos nos apartados c) e d) do artigo 53 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A documentación da solicitude deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola Secretaría co visto e prace da Presidencia ou persoa na que delegue.
- No caso de certificación acreditativa dos gastos realizados ás sinaturas anteriores xuntárase a sinatura da Tesourería da entidade.
- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola Presidencia ou persoa na que delegue.

No caso de que exista delegación da presidencia, deberá achegarse acreditación da delegación da Presidencia na que se especifique o alcance da dita delegación (presentación das solicitudes de subvencións e sinatura de toda a documentación necesaria para a súa tramitación). A dita acreditación realizarase mediante acordo da Xunta Directiva, poder notarial ou calquera medio válido de acreditación en dereito.

4.2.- Prazo de presentación. O prazo de presentación das solicitudes será de **15 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

4.3.- Documentación.

- **Anexo SC_1 SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.** O antedito anexo inclúe a seguinte información:
 - Modelo normalizado de solicitude dirixida á Xunta de Goberno local do Concello de Ferrol.
 - Declaración de estar inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol.

- **Anexo SC_2 DECLARACIÓNS RESPONSABLES.** O antedito anexo inclúe a seguinte información:
 - Certificación acreditativa do acordo de solicitude.
 - Certificación do compromiso de obter as licenzas e as autorizacións preceptivas para o desenvolvemento das actividades.
 - Certificación do nomeamento da/o representante para as relacións da entidade co Concello.
 - Certificación do compromiso de facer constar a colaboración do Concello de Ferrol en toda a publicidade e difusión das actividades subvencionadas, así como no material empregado nas mesmas (camisetas, trofeos, bolsas, ...) adquirido coa subvención, inserindo en todo o material publicitario o logo institucional do Concello.
 - **DECLARACIÓN RESPONSABLE INCOMPATIBILIDADES SUBVENCIONS.** Declaración de non estar incurso a entidade beneficiaria nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren subvencións da Administración Pública, de conformidade co artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
 - **DECLARACIÓN RESPONSABLE OBRIGAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.** Declaración responsable de que a entidade cumpre todo o regulado no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións relativo ás obrigas da entidade beneficiaria.
 - **DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA AO PERSOAL EN CONTACTO CON MENORES.** No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, declaración responsable de que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto da subvención, cumpre os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá acreditálo de forma expresa mediante unha declaración responsable.
 - **DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON TER DÉBEDAS.** Declaración de non ter obrigas pendentes coa Facenda estatal, autonómica e local e coa Seguridade Social (en todas aquelas solicitudes de subvención cuxa contía non supere os 3.000 €). No suposto de **solicitudes de subvencións por contía superior a 3.000 €**, a entidade beneficiaria afectada deberá presentar os correspondentes certificados oficiais.
 - **DECLARACIÓN DE SOLICITUDE DOUTRAS AXUDAS E SUBVENCIONS** para a realización do mesmo proxecto.
 - **DECLARACIÓN RESPONSABLE DE IGUALDADE DE PREMIOS.** A presentar cando as entidades no baremo inclúan a organización de eventos deportivos.

- **Anexo CF_E CERTIFICADO DE DEPORTES DE EQUIPO** da tempada 2025/2026 ou **Anexo CF_I CERTIFICADO DA FEDERACIÓN PARA DEPORTES INDIVIDUAIS** da tempada 2026: Certificación da Federación correspondente axustada ao modelo segundo corresponda ou no propio modelo da federación sempre e cando reflecta a información recollida nos anexos das bases.

- **Anexo DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA** segundo as normas establecidas pola Tesourería Municipal: www.ferrol.gal \ Sede electrónica \ Trámites \ Alta ou baixa de datos

bancarios (negociado de Tesourería) ou declaración responsable no caso de que o número de conta sexa o mesmo que o do ano anterior e conste na base de datos do Concello.

- **Anexo SC_3 PROXECTO A SUBVENCIONAR. BAREMO SUBVENCIONS A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS.**
 - Os clubs polideportivos entregarán por separado un baremo por deporte ou sección deportiva.
 - Obxectivos do club durante o período que abrangue a subvención.
 - Descrición da actividade federada do club. Previsións de competicións a disputar para cada un dos equipos ou deportistas.
 - Descrición da actividade da escola do club.
 - Obxectivos xerais, específicos e calendario de actividades.
 - Horario semanal da escola deportiva.
 - Declaración responsable acreditativa do cumprimento da obriga de ter contratado e en vigor un seguro de cobertura sanitaria para todos os participantes na escola deportiva (actividade non federada).
 - Relación de Recursos humanos, labor que desempeñan e titulacións de cada un.
 - Organización de eventos deportivos federados ou non. Denominación do mesmo, datas previstas, destinatarios, etc.
- Copia das titulacións dos técnicos deportivos (so no caso dos técnicos non acreditados a través do certificado da federación correspondente).
- **Anexo XF_OB1 ESTADO DE INGRESOS E GASTOS DA ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR.** Orzamento das actividades obxecto da subvención para o exercicio 2026.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, a Concellería de Deportes requirirá ao interesado para que emende no prazo máximo e improrrogable de **10 días hábiles** coa indicación de que se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

BASE QUINTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

5.1.- Cualificación das solicitudes. A unidade administrativa que ten atribuída as funcións en materia de Deportes, será o órgano instructor do procedemento, revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteña toda a documentación esixida. Se estivese incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo de 10 días hábiles achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude, consonte ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.2.- Valoración das solicitudes: A valoración das solicitudes corresponderalle a un órgano colexiado, denominado *Comisión de Valoración*, o cal será o encargado de formular a proposta de concesión ao órgano concedente a través do órgano instructor.

A Comisión de Valoración que se constituirá para o efecto estará integrada por:

- Presidenta/e: o/a concelleiro/a delegado/a responsable da Concellería de Deportes.
- Un/Unha representante de cada grupo municipal.
- Un/unha técnico/a da Concellería de Deportes.
- Un/unha funcionario/a do negociado Deportes que actuará como secretario/a da Comisión avaliadora, con voz e sen voto.

A Comisión de Valoración, trala avaliación das solicitudes presentadas de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases, emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma.

5.3.- Proposta de resolución. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, efectuará a proposta de resolución, que terá carácter de provisional nos termos do artigo 17.1 parágrafo segundo da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol na que se expresará a/o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía.

BASE SEXTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

A contía das subvencións determinarase despois da consideración das actividades que se van a realizar, ponderando segundo os seguintes criterios, que serán acreditados mediante a presentación dos correspondentes anexos contidos na convocatoria.

PROXECTO DEPORTIVO (70 puntos)	
PARTICIPACIÓN. Nivel de cobertura poboacional.	25 puntos
COMPETICIÓN. Representatividade no sector.	20 puntos
RECURSOS HUMANS. Nivel de sostibilidade do proxecto.	15 puntos
PROMOCIÓN DEPORTIVA. Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria.	10 puntos
PROXECTO ECONÓMICO (30 puntos)	
Capacidade de autoxestión e nivel de financiamento.	30 puntos

6.1.- Proxecto deportivo (Correspóndese con 70 puntos).

6.1.1.- Participación, nivel de cobertura poboacional (correspóndese con 25 puntos). Outorgarase o máximo (25 puntos) á entidade que máis puntuación parcial obtivese e para o resto das entidades calcularase proporcionalmente en base aos puntos parciais obtidos. Puntuaranse os seguintes aspectos:

Escola deportiva. Destinado a valorar a todas aquelas persoas que non posúan licenza federativa e, polo tanto, non participen nas competicións oficiais das diferentes federacións deportivas. Outorgarse a puntuación parcial de acordo ao seguinte:

Escola deportiva de balde:	3 puntos / participante
Escola deportiva con cota ata 10 € / mes:	2 puntos / participante
Escola deportiva con cota de máis de 10 € / mes:	1 puntos / participante

Para a valoración de este criterio deberá declararse responsablemente por parte do presidente da entidade: **(deberá marcarse o cadro** que consta nas declaracións do anexo Baremo)

- Alumnos/as coas que conte a Escola deportiva a 31 de xaneiro de 2026.
- Contía que pagan os alumnos/as pola asistencia á escola así como de que os nenos/as nela relacionados/as non se atopan federados/as.
- As entidades ou clubs deportivos deberán declarar ter concertado e en vigor, ao corrente no pago das primas correspondentes, un seguro que cubra tanto a responsabilidade civil nos termos que prevé o artigo 23 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, así como o seguro de asistencia sanitaria das/os participantes que contempla o artigo 22 da mesma Lei.

Fichas de deportistas. Destinado a valorar o número de deportistas de cada club. Outorgarase a puntuación parcial de acordo ao seguinte:

Aplicaranse factores de corrección para garantir a progresiva equiparación dos índices de participación de cada sexo nas diferentes modalidades deportivas.

- Co informe anual de licenzas deportivas efectuarase un estudo que permita en caso de deportes de escasa representación dun sexo, aplicar factores de corrección para puntuar positivamente aquelas entidades nas que a representatividade do sexo sexa menor.
- Tomaranse en conta os datos estatísticos correspondentes ao último informe emitido polo **CSD (2024)** á data da redacción deste informe, acerca do número de licenzas deportivas das diferentes Federacións Españolas, na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - <https://www.csd.gob.es/es/federaciones-y-asociaciones/federaciones-deportivas-espanolas/licencias>
- Así mesmo, no caso de modalidades dentro da mesma disciplina deportiva (Patinaxe artística e Natación artística) terase en conta o número de licenzas de ámbito galego para poder aplicar os anteditos factores de corrección (informe de licenzas de abril 2026).
 - https://www.fegan.org/fegan/tprd/2526/licenzas/202604_simple.pdf
- Establécese o factor de corrección (1,3) para aquelas modalidades deportivas nas que a representación dun dos sexos sexa menor do 25%. Este factor aplicarase as licenzas do xénero minoritario, quedando do seguinte modo:

Coeficiente 1,3 modalidades indicadas como A	Multiplicarase cada participante por 3
Coeficiente 1 modalidades indicadas como B	Multiplicarase cada participante por 1

MODALIDADES A	MODALIDADES B
LICENZAS MASCULINAS DE: Ximnasia, natación artística, hípica, patinaxe artístico e baile deportivo.	Todas as non incluídas na modalidade A
LICENZAS FEMININAS DE: Actividades subacuáticas, Aeronáutica, Xadrez, Automobilismo, Béisbol e Sófbol, Billar, Bolos, Boxeo, Caza, Ciclismo, Deportes de xeo, Deporte discapacidade intelectual, Fútbol, Fútbol americano, Motociclismo, Motonáutica, Pesca e casting, Petanca, Rugby, Tennis de mesa, Tiro a voo, Tiro olímpico e Vela.	

Para puntuar dentro deste apartado, deberá presentarse:

- Xustificarase **única e exclusivamente** a través do certificado emitido pola federación correspondente **da tempada 2025-2026** no caso de deportes de tempada bianual e do **ano 2026** para deportes de tempada anual.
- **Accesibilidade do proxecto.** Destinado a valorar aquelas entidades que fagan esforzos pola promoción do deporte adaptado ou que adopten medidas de inclusión no desenvolvemento das súas actividades.
 - Outorgarase a puntuación parcial de acordo ao seguinte: Outorgarase 3 puntos por cada participante que presente algún tipo de eiva física, psíquica ou sensorial das/os alumnas/os integrados na escola deportiva a **31 de xaneiro de 2026**.
 - Para a valoración deste criterio deberá declararse responsablemente por parte da/o presidenta/e da entidade (constan declaracións no anexo Baremo).

6.1.2.- Criterio de competición. Representatividade no sector (correspondese con **20 puntos**). Destinado a valorar o número de equipos de cada club así como os gastos que lle supón a súa participación nas competicións oficiais. Outorgarase o máximo (20 puntos) á entidade que máis puntuación parcial obtivese e para o resto das entidades calcularase proporcionalmente en base aos puntos parciais obtidos.

Outorgarase a puntuación parcial de acordo ao seguinte:

Deportes equipo		Deportes individuais	
Ligas locais e competición Xogade	N.º equipos x 2 puntos	Competición Local e Xogade	1 a 5 deportistas = 1 punto + 5 deportistas = multiplica x 2

			puntos cada 10 deportistas
Ligas comarcais e provinciais	N.º equipos x 3 puntos	Competición comarcal e provincial	1 a 5 deportistas = 2 puntos + 5 deportistas = multiplica x 3 puntos cada 10 deportistas
Ligas galegas, autonómicas ou rexionais	N.º equipos x 10 puntos	Competición galega, autonómica e rexional	1 a 5 deportistas = 5 puntos + 5 deportistas = multiplica x 10 puntos cada 10 deportistas
Ligas nacionais	N.º equipos x 20 puntos	Competición Nacional	1 a 5 deportistas = 10 puntos + 5 deportistas = multiplica x 20 puntos cada 10 deportistas
No suposto de que un mesmo deportista compita a nivel individual en varios niveis de competición, deberá indicar a <u>categoría máxima</u> na que participa que contemple a súa licenza federativa.			

Formación dos recursos humanos	
Licenciados ou graduados en Ciencias da actividade física e do deporte.	N.º x 10 puntos
Adestradores nacionais.	N.º x 5 puntos
Adestradores rexionais, territoriais. Diplomados ou graduados en Educación Física.	N.º x 3 puntos
Monitores básicos ou TAFAD.	N.º x 2 puntos
Delegados, colaboradores e auxiliares.	N.º x 1 puntos

- Para a valoración deste criterio:
 - Será preciso a identificación mediante listado de cada un dos RR. HH. en base ao cadro recollido no baremo.
 - No caso de que se presenten outras titulacións non indicadas no certificado da federación, deberá achegarse copia do título no momento da solicitude.

6.1.4.- Promoción deportiva. Promoción da participación Cidadá e dinamización comunitaria (10 puntos). Outorgarase o máximo (10 puntos) á entidade que máis puntuación parcial obtivese e para o resto das entidades calcularase proporcionalmente en base aos puntos parciais obtidos. Outorgarase a puntuación parcial de acordo o seguinte:

6.1.4.1.- Sección deportivas. N.º de seccións deportivas federadas do club x 10 puntos. Entendese por sección a modalidade deportiva.

6.1.4.2.- Escola deportiva non federada: Valoraranse os seguintes aspectos:

- Horas semanais adicadas á Escola deportiva.
 - Valorarase a distribución de horas e grupos semanais adicados a actividade deportiva non federada así como as datas de inicio e fin da escola sempre e cando estas se desenvolvan dentro do termo municipal.
 - Outorgarase a máxima puntuación (50 puntos) á entidade que presente o maior número de horas semanais. Para a baremación dos puntos correspondentes ao resto de entidades, calcularase a parte proporcional dos puntos en base ás horas declaradas.
- Para a valoración deste criterio será preciso presentar os seguintes datos no baremo:
 - Descrición da actividade da escola do club.
 - Obxectivos xerais, específicos e calendario de actividades.
 - Horario semanal da escola deportiva.

6.1.4.3.- Déficit de actividades no municipio. Para a valoración deste criterio tomarase como referencia o Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol baixo o epígrafe de Deportes ou no antigo rexistro do extinto Patronato Municipal de Deportes. Unha vez consultado o rexistro, as entidades deportivas que resulten ser **as únicas** no municipio que teñen por obxecto o fomento e promoción dunha *modalidade deportiva recoñecida*, obterán **10 puntos**.

6.1.4.4.- Organización de probas ou actividades deportivas sempre e cando estas se desenvolvan no termo municipal. Outorgarase a puntuación parcial de acordo o seguinte:

Tipos de actividade	
Organización de actividades no ámbito da competición oficial ou federada.	x 5 puntos
Organización de actividades no ámbito da iniciación, promoción deportiva ou popular.	x 2 puntos

- Para a valoración deste criterio, será preciso presentar os seguintes datos incluídos no baremo:
 - Denominación do evento, datas previstas, o resto da información (destinatarios, localización e obxectivos no caso de actividades de promoción).

Non se terán en conta aquelas actividades ou eventos deportivos para as que os clubs ou entidades deportivas reciban unha subvención nominativa no mesmo exercicio orzamentario.

6.2.- Proxecto económico (Correspóndese con 30 puntos).

6.2.- Orzamento de ingresos e gastos e porcentaxe de financiamento previsto. A puntuación máxima será de **30 puntos**, e corresponderá á entidade que xustifique o maior grado de autofinanciamento. A puntuación efectuarase de acordo co seguinte reparto:

COCIENTE DE FINANCIAMENTO	PUNTOS
Cocientes do 13% e menores	30 puntos
Cocientes entre 14% o 26%	20 puntos
Cocientes entre 27% o 39%	10 puntos
Cocientes do 40%	0 puntos

Para a valoración deste criterio a entidade deberá facer constar no Anexo XF_OB1 ESTADO DE INGRESOS E GASTOS DA ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR:

- O orzamento previsto para a actividade obxecto da subvención.
- No apartado correspondente, facer constar a solicitude de subvención ao Concello de Ferrol ao abeiro da presente convocatoria.
- Deberanse ter en conta por parte da entidade no momento da solicitude da subvención os límites marcados nestas bases (10.000 euros ou o 40% do orzamento da actividade subvencionada).

BASE SÉTIMA.- CONTÍAS MÁXIMAS E LÍMITES DAS SUBVENCIONS.

O importe da subvención solicitada ou concedida en ningún caso poderá superar o **40% do orzamento da/s actividade/s subvencionada/s** e, en calquera caso, non poderá ser superior a **10.000,00 €**.

7.1.- Cálculo do importe da subvención. Unha vez valoradas todas as solicitudes, a puntuación total obtida servirá para calcular o importe a subvencionar mediante un sistema proporcional de reparto, calculado coa seguinte fórmula:

$$\frac{\text{Puntuación obtida} \times \text{Cantidad global de subvención}}{\text{Puntuacións totais}}$$

Onde:

- A **Puntuación obtida** é a suma total das puntuacións alcanzadas en cada criterio de valoración.
- A **Cantidade global de subvención** é o importe total a repartir entre todas as solicitudes (crédito asignado na respectiva convocatoria).
- As **Puntuacións totais** é a suma das puntuacións de todos os solicitantes.

No caso de que efectuado este cálculo, existan entidades ás que o importe adxudicado rebase os límites marcados nas bases da subvención (10.000 euros ou o 40% do orzamento da actividade subvencionada), adxudicarase as anteditas ao máximo permitido.

De resultar un importe sobrante, única e excepcionalmente ese importe poderá repartirse de forma proporcional mediante prorrateo entre o resto das entidades concorrentes que aínda non acadasen o seu importe máximo de adxudicación.

Efectuaranse os recálculos necesarios coa finalidade de acadar o reparto da totalidade do crédito orzamentario entre as entidades concorrentes sen que ningunha supere os límites recollidos nas bases.

BASE OITAVA.- FORMA E PRAZO PARA A PUBLICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A concesión das subvencións será aprobada mediante Resolución do concelleiro delegado especial de Deportes (órgano competente para resolver en virtude de acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023, BOP núm. 241 de 20/12/2023), trala formulación da proposta de concesión realizada polo negociado de Deportes encargado da instrución á vista do informe da Comisión Avaliadora e trala aprobación destas bases e da convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

As subvencións concedidas notificaranse aos interesados de conformidade co disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Ferrol (na súa versión dixital e física) así como na BDNS.

O prazo máximo no que debe notificarse ás entidades interesadas a resolución expresa será de seis meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo, a falta de resolución e notificación producirá efectos desestimatorios.

A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan realizarase de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

BASE NOVENA.- DIFUSIÓN POLO BENEFICIARIO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

Na publicidade que o beneficiario faga sobre as actividades obxecto da subvención (por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais, internet, web, ...), así coma no material empregado nas mesmas e adquirido coa subvención (camisetas, trofeos, bolsas, ...) deberá figurar en lugar destacado o anagrama do Concello de Ferrol.

A cartellaría empregada pola entidade beneficiaria para o obxecto da subvención deberá levar o anagrama do Concello de Ferrol e deberá enviarse ao Negociado de Deportes para a súa revisión e conformidade antes da súa difusión.

No caso de que o beneficiario recibise subvencións de distintas entidades públicas ou privadas, a publicidade que se lle dea ao financiamento municipal deberá ser, polo menos, análoga á empregada coas demais subvencións.

Coa documentación xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga co Concello de Ferrol.

BASE DÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

1. De acordo coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os gastos subvencionables serán aqueles que, sen ningunha dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada, sexan estritamente necesarios, se realicen no prazo de execución que se estableza e sexan efectivamente pagados dentro do período de xustificación.

No caso de que o importe dalgún dos gastos subvencionables supere a contía que se estableza na normativa de contratación pública vixente para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dese gasto se acredite que non exista no mercado suficiente número de entidades ou que o gasto se tivese realizado con anterioridade á concesión da subvención.

Só serán subvencionables os gastos correntes que se detallen no orzamento incluído no proxecto admitido polo órgano xestor. Dependendo da natureza do proxecto a desenvolver, estes gastos correntes poderán consistir en:

a) Gastos de persoal, que incluírán as retribucións salariais e os gastos de Seguridade Social a cargo do beneficiario.

b) Subministracións tales como electricidade, combustibles de calefacción e de vehículos, auga, material funxible de oficina, teléfono, internet, produtos de limpeza e desinfección (por exemplo, xel hidroalcohólico e outros similares).

c) Seguros de responsabilidade civil e/ou de accidentes.

d) Gastos de reparacións, mantemento e conservación dos bens utilizados.

e) Gastos de adquisición doutros servizos necesarios para o proxecto, por exemplo, servizos de asesoría contable, laboral e/ou administrativa (incluídos os necesarios para a axeitada tramitación da subvención), servizos de publicidade e comunicación, propaganda, reprografía e organización de reunións e eventos.

f) Aluguer de locais e/ou de construcións provisionais (por exemplo, casetas), de equipos de imaxe e son e, en xeral, de equipamentos que sexan estritamente necesarios para o proxecto e só durante o seu período de execución.

g) Os honorarios de persoas físicas que interveñan como relatoras, conferenciantes, profesores, participantes, árbitros ou monitores nas actuacións do proxecto subvencionado, debendo realizar o beneficiario as retencións de IRPF que, no seu caso, resulten procedentes.

h) Os tributos serán gasto subvencionable sempre que o beneficiario os aboase efectivamente. O IVE será subvencionable cando o beneficiario o aboase e non o deducise posteriormente.

i) Os gastos financeiros derivados da realización de operacións para o pago dos gastos subvencionables, tales como comisións por transferencias, por emisión de cheques nominativos, por adeudos en conta ou similares.

j) Os custos indirectos poderán imputarse polo beneficiario na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que correspondan ao período de realización do proxecto, **tendo como límite máximo o 5% do importe da subvención**. Nese caso, na memoria xustificativa deberá explicarse detalladamente o criterio de imputación e o tipo de gasto ao que se refiren.

k) Cando no proxecto aprobado se inclúa a organización de certames ou concursos de calquera tipo, probas ou competicións deportivas, os premios que se outorguen aos gañadores serán gasto subvencionable, sempre que sexan acordados ao disposto nas bases que regulen esas convocatorias de certames, concursos, probas e competicións, e se achegue unha acta do xurado do certame ou concurso, ou a acreditación adecuada dos resultados das probas e competicións deportivas.

l) Calquera outro gasto corrente especificado no orzamento que se inclúa no proxecto admitido e aprobado na resolución de concesión -convenio- e aqueles que polas súas características sexan propios da finalidade da subvención (por exemplo, os de tipo deportivo referentes a desprazamento dos equipos para participar en competicións, gastos de mutualidades, federacións, entre outros), sempre que correspondan á execución do proxecto aprobado. A estes efectos, xunto coa conta xustificativa a presentar coa xustificación da subvención, presentárase unha declaración responsable de que os gastos incluídos na relación que se achegue se afectaron exclusivamente ao cumprimento da finalidade da subvención.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os intereses debedores de contas bancarias.
- Os intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos realizados fóra do prazo de execución do proxecto nin aqueles gastos que se paguen unha vez finalizado o prazo de xustificación.
- Os gastos suntuarios (artigos de luxo) nin os derivados de celebracións gastronómicas ou atencións protocolarias salvo que sexan estritamente necesarios e así se relacionen expresamente no proxecto presentado e aprobado polo Concello.
- Indemnizacións por despedimentos.

En virtude do acordo plenario de data 26/04/2018, o Concello de Ferrol non colaborará economicamente nin con recursos humanos ou materiais con ningún evento deportivo, con carácter federado ou non federado, que entregue premios distintos en función do xénero polo mesmo posto e mesma categoría.

De acordo co artigo 24.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP núm. núm. 191 do 3/10/2024) poderanse admitir como documento xustificativo da realización do gasto documentos denominados “recibís” nos seguintes supostos e coas seguintes condicións:

- **Abono de ponencias ou conferencias.** Esixirá a certificación por parte da entidade beneficiaria de que a persoa contratada para a dita ponencia ou conferencia carece da condición de empresario ou profesional en relación a dita actividade como conferenciante, polo que non existe a obriga de expedir factura, así como a declaración deste no mesmo senso, e deberá incluír as retencións ou ingresos a conta tributarios que procedan no seu caso.
- **Abono de premios.** Esixirá a acreditación por parte da entidade beneficiaria da correspondente convocatoria de premio, expresiva dos criterios para o seu outorgamento, e do órgano ou persoas responsables de dito outorgamento, así como orixinal ou copia compulsada da acta na que se reflicte o fallo ou resultado de dito premio, na que se conteña a identidade dos premiados (nome/razón social, DNI/NIF, ...) e o importe que corresponde a cada un deles. O “recibí” deberá conter as retencións ou ingresos a conta tributarios que procedan no seu caso.
- **Indemnización de gastos de transporte, aloxamento e/ou axudas de custo.** Esixirá unha memoria xustificativa da necesidade e imprescindibilidade de dito traslado, en relación ao obxecto da subvención, comprensiva do traxecto e quilómetros obxecto de compensación, desagregado por días de realización do servizo de que se trate, identificación do vehículo ou medio de transporte empregado no seu caso e xustificación da improcedencia de empregar medios de transporte conxuntos.
- Dende o punto de vista subxectivo, deberá achegarse un certificado da entidade beneficiada acreditativo de que non procede a formalización dun contrato laboral entre dita entidade e a persoa que recibe dita indemnización.

En todo caso, o importe subvencionable non poderá superar as contías establecidas no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orde HFP/792/2023, de 12 de xullo, pola que se revisa a contía das dietas e asignacións para gastos de locomoción no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Para o caso de axudas de custo e/ou aloxamento deberá achegarse na xustificación a acreditación do seu aboamento efectivo.

O documento do recoñecemento por parte da persoa ou persoas afectadas da indemnización por gastos recibidas presentarase en formato orixinal ou, no seu defecto, copia compulsada e reflectirá o recoñecemento (“recibi”) da dita persoa das cantidades e conceptos ás que corresponde.

2. Consideraranse gasto subvencionable aquel gasto devengado e efectivamente pagado dentro no ano de concesión da subvención, entendido o ano como o período comprendido entre os días **1 de xaneiro e 31 de decembro de 2026** ámbolos dous incluídos.

3. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

BASE DÉCIMO PRIMEIRA.- PAGAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL.

1. O abono das subvencións farase mediante dous pagamentos:

- O 50% do importe da subvención concedida aboarase mediante a modalidade de pago anticipado no momento da aprobación da resolución de concesión, sen necesidade de que as entidades beneficiarias aporten garantía algunha.
- O 50% restante da subvención concedida aboarase previa a presentación da xustificación consonte ao previsto na base duodécima das presentes bases.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o total do importe concedido, a cantidade que aboará o Concello de Ferrol será a que se teña por xustificada.

Agora ben, se a cantidade correctamente xustificada non acadase o 50% do importe concedido, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

3. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á reserva de crédito feita na aplicación orzamentaria 05004-3411-480.00 do Orzamento Xeral do Concello do 2026.

4. A axuda concedida polo Concello de Ferrol ten o carácter de máxima e non ampliable, polo que calquera incremento que poidan experimentar os gastos inicialmente previstos correrán por conta do beneficiario do convenio de xeito exclusivo. O anterior entenderase sen prexuízo de que o beneficiario da subvención poda solicitar a colaboración (valos, contedores, electricidade, ...) daqueles servizos municipais que sexan imprescindibles para a realización da actividade subvencionada, sempre e cando a dita colaboración non afecte ao normal funcionamento destes.

5. A subvención do Concello de Ferrol é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o custo total da actividade subvencionada.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do custo da actividade, minorarase a achega municipal no importe excedido.

BASE DÉCIMO SEGUNDA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. De acordo co artigo 29.1 e 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os beneficiarios poderán subcontratar ata unha porcentaxe do 100% do importe da actividade subvencionada, nos termos fixados no citado artigo.

2. Se o importe dalgunha das prestacións (subministracións ou servizos) iguala ou supera os 15.000 € sen IVE, con carácter previo á contratación, o beneficiario deberá solicitar polo menos 3 orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. Se o beneficiario tivera necesidade de contratar os servizos de terceiras persoas ou entidades para realizar as actividades obxecto do Convenio, deberá observar estritamente as obrigas que aos empresarios ou empregadores impoña a lexislación vixente en materia de Seguridade Social e Seguridade e Hixiene no Traballo.

BASE DÉCIMO TERCEIRA.- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.

A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola Secretaría co visto e praxe da Presidencia ou persoa na que delegue.
- No caso de certificación acreditativa dos gastos realizados, ás sinaturas anteriores xuntarase á da Tesouraría da entidade.
- No caso das declaracións e outra documentación, pola Presidencia ou persoa na que delegue.

A documentación que se ten que presentar é a seguinte:

A entidade subvencionada, para acreditar a execución do programa, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello e no prazo establecido, a "*conta xustificativa simplificada*" que constará da seguinte documentación:

- (NO CASO DE QUE EXISTA) Acreditación da delegación da Presidencia na que se especifique o alcance da dita delegación (sinatura do Convenio, sinatura da documentación necesaria para a tramitación da subvención, ...). A dita acreditación realizarase mediante acordo da Xunta Directiva, poder notarial ou calquera medio válido de acreditación en dereito.
- **Instancia de presentación da xustificación.**
- **Memoria de actuación xustificativa** do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, indicando as actividades realizadas durante o período obxecto da subvención, debendo conter:
 - Actividades ou programas realizadas.
 - Calendario de execución (competicións ou eventos).
 - Lugar de execución.
 - Resultados ou méritos deportivos obtidos.
 - Número de deportistas beneficiarios, indicando número por xénero.
 - Estimación do número de espectadores.
- **Documentación gráfica** acreditativa do cumprimento das obrigas en materia de publicidade do financiamento do Concello de Ferrol segundo o establecido na cláusula quinta do Convenio.
- Unha **relación clasificada e numerada dos gastos** da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Se o importe do gasto subvencionable supera a contía de 15.000 € no suposto de contratación de subministracións ou servizos, a entidade beneficiaria deberá manifestar que se cumpriron as condicións expresadas na cláusula cuarta do Convenio.
- **Os gastos de transporte, aloxamento ou axudas** de custo deberán acompañarse dos **calendarios de competicións** correspondentes.
- **Detalle doutros ingresos ou subvencións** que tiveran financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e da súa procedencia.
- **Estado de gastos e ingresos da actividade subvencionada.** Orzamento das actividades obxecto da subvención (balance).
- **Declaración responsable** de:

- Que a totalidade dos gastos que se recollen na relación corresponden en exclusiva á natureza da actividade subvencionada e resultaron estritamente necesarios para a realización do proxecto e adicáronse exclusivamente a tal fin.
- Compromiso de achegar os documentos que o órgano xestor e a Intervención municipal teñan a ben solicitar no exercicio do control financeiro.
- Que os gastos presentados non se van a utilizar noutras subvencións públicas ou privadas como xustificantes de gasto.
- Declaración do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas e/ou concedidas procedentes de calquera entidade pública ou privada para o mesmo obxecto así como doutras fontes de financiamento (ingresos) do proxecto obxecto de subvención.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE INCOMPATIBILIDADES SUBVENCIONES. Declaración de non estar incurso a entidade beneficiaria nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren subvencións da Administración pública, dispostas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE OBRIGAS ENTIDADES BENEFICIARIAS. Declaración responsable de que a entidade cumpre todo o regulado no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións relativo ás obrigas da entidade beneficiaria.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON TER DÉBEDAS. Declaración de non ter obrigas pendentes coa Facenda estatal, autonómica e local e coa Seguridade Social (en todas aquelas solicitudes de subvención cuxa contía non supere os 3.000 €).

No suposto de solicitudes de subvencións por contía superior a 3.000 €, a entidade beneficiaria afectada deberá presentar os correspondentes certificados oficiais.

Unha vez presentada a documentación xustificativa anterior, o órgano xestor poderá comprobar, no seu caso, a través da remisión de como máximo un 10% da totalidade dos gastos, os xustificantes que estime oportunos que permitan obter evidencia razoable sobre a axeitada aplicación da subvención, para o cal **podrá requirir ao beneficiario** a remisión dos mesmos.

Nese caso, requiriranse facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, ao abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento.

Previa a oportuna xustificación, admitirase o **pago en efectivo**, sempre que a factura ou documento probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa non supere os 150 € (IVE engadido) e que o gasto total xustificado en efectivo non supere o 20% do importe adxudicado. En todo caso, o importe total do gasto xustificado en efectivo non poderá superar os 1.000 €.

En caso de requirirse esta factura, ou documento equivalente, deberá constar cuño do establecemento ou recibí asinado pola persoa que recibe os fondos con indicación do seu nome e DNI. En todo caso, xustificárase a elección deste medio de pago.

BASE DÉCIMO CUARTA.- PRAZOS DE EXECUCIÓN E DE XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO.

1. O **prazo de execución** dos proxectos a subvencionar estará comprendido entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro do exercicio 2026** (os gastos unicamente serán subvencionables se a data das facturas e documentos xustificativos dos mesmos corresponden a ese exercicio).

2. **Prazo de xustificación:** O prazo de xustificación rematará o **31 de xaneiro de 2027**.

3. No caso de achegar xustificantes que non se axusten ao esixido ou presentar a documentación xustificativa incompleta, se lle notificará á persoa ou entidade beneficiaria da subvención, para que poda emendar, os xa presentados, no prazo de 10 días hábiles. Poderase, excepcionalmente e previa xustificación, presentar novos documentos dentro do prazo concedido a tal fin, sen que isto signifique a posibilidade de realizar e ou presentar documentos de gasto e/ou de pago con data posterior á data máxima de xustificación establecida no Convenio. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento, ditándose a resolución que lle deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

4. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de Subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días hábiles.

En todo caso, os documentos de gasto e/ou de pago que se presenten neste prazo excepcional deberán estar emitidos dentro do período máximo de xustificación establecido no Convenio.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro, de ser o caso, e demais responsabilidades dispostas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A presentación da xustificación neste prazo excepcional ou no período comprendido entre a finalización do prazo de xustificación e a notificación do prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que, conforme á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións lle correspondan, previa incoación e tramitación do expediente sancionador correspondente segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 20% do importe da subvención adxudicada co límite de 450 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.
- Atraso na presentación da xustificación superior a un mes ata tres meses: sanción do 30% do importe da subvención adxudicada co límite de 800 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.
- Atraso na presentación da xustificación superior a tres meses: sanción do 40% do importe da subvención adxudicada co límite de 900 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.

A tramitación do expediente de pago da subvención suspenderase durante a tramitación do expediente sancionador.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción.

BASE DÉCIMO QUINTA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN.

Para determinar o cumprimento da finalidade básica da subvención será imprescindible que se dean, de forma conxunta, os seguintes requisitos:

- En relación ao proxecto deportivo:

Desenvolvemento das actividades deportivas recollidas no proxecto presentado polas entidades no momento da solicitude polo tanto obxecto da subvención durante o período temporal obxecto da mesma (dende o 1 xaneiro ata o 31 de decembro do ano da convocatoria).

- En relación ao gasto:

Desviacións ata un 10% do coeficiente de financiamento entre o cociente de financiamento resultante na adxudicación e o cociente de financiamento presentado na xustificación (cando a achega do Concello supoña unha porcentaxe de máis do 10% do declarado pola entidade no orzamento).

- **O cociente de financiamento da adxudicación** é a porcentaxe que representa o importe adxudicado respecto da previsión de ingresos presentada pola entidade no orzamento.
- **O cociente de financiamento da xustificación** é a porcentaxe que representa o importe adxudicado respecto dos ingresos obtidos presentados pola entidade no balance.

	IMPORTE A XUSTIFICAR		DESVIACIÓNS DO COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO (C. F.)
ABOARASE O 100% DO IMPORTE ADXUDICADO	Xustificación correcta do 100% do importe adxudicado.	e	Desviacións ata o + 10% do C. F. entre o resultante da adxudicación e o resultante da xustificación.
ABOARASE A PARTE PROPORCIONAL DO IMPORTE ADXUDICADO	Xustificación correcta dun gasto inferior ao 100% e, polo menos, o 50% do gasto adxudicado.	ou	Desviacións maiores do + 10% e ata o + 50% do C. F. entre o resultante da adxudicación e o resultante da xustificación.
NON SE ABOARÁ CANTIDADE ALGUNHA	Xustificación dun gasto menor o 50% do gasto adxudicado.	ou	Desviacións superiores o + 50% do C. F. entre o resultante da adxudicación e o resultante da xustificación.

- O importe a xustificar será o 100% do gasto subvencionado.
- O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.
- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

BASE DÉCIMO SEXTA.- REINTEGRO DAS CANTIDADES CONCEDIDAS.

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá supoñer a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O dito procedemento realizarase de conformidade co disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

BASE DÉCIMO SÉTIMA.- CONTROL FINANCEIRO.

O control financeiro realizarase pola intervención municipal consonte o previsto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

BASE DÉCIMO OITAVA.- AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS.

O beneficiario obrígase a obter, no suposto de ser necesario e con carácter previo, as autorizacións administrativas que fosen necesarias (incluída a municipal) para a realización da actividade obxecto do convenio.

BASE DÉCIMO NOVENA.- NATUREZA. INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. As presentes bases teñen a natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Suplementariamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, o coñecemento das cuestións litixiosas que podan xurdir como consecuencia do presente convenio.

BASE VIXÉSIMA.- USO DA LINGUA GALEGA E DUNHA LINGUAXE NON DISCRIMINATORIA.

As comunicacións co Concello de Ferrol, así como as difusións relativas ao obxecto do convenio deberán realizarse en galego, en cumprimento da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística.

Igualmente, empregarase unha linguaxe non discriminatória nin excluínste do xénero feminino.

SC_1	SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS PARA FOMENTO E PROMOCIÓN DO DEPORTE		Orzamento []
ENTIDADE:	[]	NIF:	[]
Mail a efectos de notificación telemática:	[]		
Domicilio social:	[]	C.P.:	[]
<input type="radio"/> Número de inscripción no rexistro de entidades do Concello de Ferrol: []			
<input type="radio"/> Número de inscripción no rexistro do extinto Patronato Municipal de Deportes: []			

DATOS DOS REPRESENTANTES			
PRESIDENTA/E:	[]	NIF:	[]
SECRETARIA/O:	[]	NIF:	[]

PERSOA DE CONTACTO PARA TRÁMITES ADMINISTRATIVOS			
Nome e apelidos:	[]	NIF:	[]
Tfno.:	[]	Mail:	[]

D.ª/D.	[]	NIF:	[]
como presidenta/e e/ou representante e en nome da entidade SOLICITO:			
Que sexa admitida a trámite a solicitude para participar no procedemento por concorrencia competitiva de subvencions a clubs e entidades deportivas para o fomento e promoción do deporte.			

SUBVENCIÓN SOLICITADA		
ORZAMENTO	IMPORTE SOLICITADO	COCIENTE FINANCIAMENTO
[]	[]	[]

***LÍMITES DA SOLICITUDE:** O importe da subvención solicitada NON poderá superar o 40% do orzamento da actividade subvencionada, NIN os 10.000,00 €.

En Ferrol	[]	de	[]	de	[]
-----------	-----	----	-----	----	-----

Asdo.: A/O presidenta/e da entidade
[]

SC_2	DECLARACIÓN RESPONSABLE A PRESENTAR A EFECTOS DA SOLICITUDE E OBTENCIÓN DA SUBVENCIÓN A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FOMENTO E A PROMOCIÓN DO DEPORTE	Orzamento []
------	---	-------------------------

D.^a/D.: <input type="text"/>	Con NIF: <input type="text"/>
En calidade de presidenta/e da	
ENTIDADE: <input type="text"/>	NIF: <input type="text"/>
A efectos de resultar beneficiaria a entidade que represento da subvención POR CONCORRENCIA COMPETITIVA contemplada no vixente Orzamento xeral do Concello de Ferrol, formulo respecto de dita entidade, baixo e miña responsabilidade, a presente	
DECLARACIÓN RESPONSABLE:	
Que na reunión da xunta directiva celebrada o día <input type="text"/> acordouse a presentación dunha solicitude de subvención na convocatoria de subvencións a clubs e entidades deportivas para fomento e promoción do deportes.	
Acordouse, ademais, nomear como representante da entidade para as relacións da mesma co Concello de Ferrol a D. ^a /D.: <input type="text"/> con NIF: <input type="text"/>	
<input type="checkbox"/> Que a entidade comprométese a obter as licenzas e as autorizacións preceptivas para o desenvolvemento das actividades.	
<input type="checkbox"/> Tense cumprido con todas as esixencias de xustificación e demais obrigas derivadas de axudas e subvencións concedidas anteriormente por calquera dos órganos do Concello de Ferrol.	
<input type="checkbox"/> Comprométese a cumprir o conxunto das condicións que resultan de aplicación da lexislación de subvencións, económico-orzamentaria e demais normativa aplicable, as cales coñece na súa integridade; así como a cumprir as condicións que resulten da resolución de outorgamento desta subvención.	
<input type="checkbox"/> Comprométese a facer constar a colaboración do Concello de Ferrol en toda a publicidade e difusión das actividades subvencionadas, así como no material empregado nas mesmas (camisetas, trofeos, bolsas, ...) adquirido coa subvención inserindo en todo o material publicitario o logo institucional do Concello.	
En relación cos requisitos para obter a condición de beneficiario:	
<input type="checkbox"/> Non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria, de conformidade co artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.	
En relación ás obrigas do beneficiario:	
<input type="checkbox"/> Asume o compromiso, como beneficiaria, de cumprimento das obrigas que en cada momento procedan conforme ao artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.	
En relación ao persoal en contacto con menores: (Marque o que proceda)	
<input type="checkbox"/> Que ningunha das actividades obxecto desta solicitude implica o contacto habitual con menores.	
<input type="checkbox"/> Que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto da solicitude que implican contacto con menores cumpre os requisitos previstos no artigo 13.5 da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.	
En relación ao cumprimento de obrigas:	
<input type="checkbox"/> Está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, do que da consentimento para a súa comprobación, e non é debedora por resolución firme de reintegro de subvencións. Comprométese a manter o cumprimento de ditos requisitos durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención.	
En relación coa obtención doutras axudas: (Marque o que proceda)	
<input type="checkbox"/> Non se obtivo nin está previsto obter no exercicio outras axudas para a mesma finalidade.	
<input type="checkbox"/> Obtívose ou está previsto obter no exercicio outras axudas coa mesma finalidade, segundo o detalle:	
1º.- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS SOLICITADAS E/OU	

CONCEDIDAS PROCEDENTES DE CALQUERA ENTIDADE PÚBLICA OU PRIVADA PARA O MESMO OBXECTO.

ENTIDADE	DESCRICIÓN DO TIPO DE SUBVENCIÓN OU AXUDA	C/S*	IMPORTE

*C/S: cumprimentar (C) se foi concedida ou (S) se foi solicitada.

2º.- DECLARACIÓN DOUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO (INGRESOS) DO PROXECTO OBXECTO DE SUBVENCIÓN.

CONCEPTO	IMPORTE
OUTRAS SUBVENCIÓNS:	
ACHEGAS DA ENTIDADE (cotas e inscricións):	
OUTRAS AXUDAS (patrocinio):	
OUTROS INGRESOS (venta de rifas, merchandising, ...):	
TOTAL	

En relación a eventos deportivos: (Marque o que proceda)

Non se entregarán premios.

Existirá igualdade de premios entre homes e mulleres para o mesmo posto e categoría.

O que afirmo, sendo coñecedora/or das obrigas que comporta a subscrición da presente declaración responsable, contempladas no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

E para que conste, asino a presente Declaración en

A/O PRESIDENTA/E (sinatura)

SC_3	SUBVENCIÓN A CLUBS EN ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FOMENTO E A PROMOCIÓN DO DEPORTE	Orzamento
		BAREMO - PROXECTO DE ACTIVIDADES. ORZAMENTO.

PROXECTO DEPORTIVO (70 puntos)			
I.- PARTICIPACIÓN. Nivel de cobertura poboacional (25 puntos)			
I.I.- Escola deportiva.	Cantidade	Multiplíca	Total
Gratuíta		x3	
Ata 10 €/mes		x2	
Máis de 10 €/mes		x1	
<input type="radio"/>	Declaro que os alumnos participantes na Escola Deportiva obxecto da presente subvención son os arriba indicados, pagan as cantidades reflectidas e teñen a condición de non federados.		
<input type="radio"/>	Declaro que os alumnos participantes na Escola Deportiva obxecto da presente subvención arriba indicados, son os que constan de alta á <i>data 31 de xaneiro de 2026</i> e aporfo o correspondente certificado.		
<input type="radio"/>	Declaro que a entidade que represento ten concertado e en vigor, ao corrente no pago das primas correspondentes, un seguro que cubra tanto a responsabilidade civil nos termos que prevé o artigo 23 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, así como o seguro de asistencia sanitaria dos participantes que contempla o artigo 22 da mesma Lei.		
I.II.- Actividade Federada.	Cantidade	Multiplíca	Total
Licenzas masculinas modalidade A: Ximnasia, natación artística, hípica, patinaxe artístico e baile deportivo.		x3	
Licenzas femininas modalidade A: Actividades subacuáticas, Aeronáutica, Xadrez, Automobilismo, Béisbol e Sófbol, Billar, Bolos, Boxeo, Caza, Ciclismo, Deportes de xeo, Deporte discapacidade intelectual, Fútbol, Fútbol americano, Motociclismo, Motonáutica, Pesca e casting, Petanca, Rugby, Tenis de mesa, Tiro a voo, Tiro olímpico e Vela.		x3	
Licenzas modalidade B (todas as non incluídas na modalidade A).		x1	
<input type="radio"/>	Declaro que a entidade a que represento paga as licenzas ou mutualidades dos seus deportistas.		
I.III.- Actividade Federada.	Cantidade	Multiplíca	Total
Alumnos/as acreditados/as con eiva física, psíquica ou sensorial.		x3	
<input type="radio"/>	Declaro que a entidade que represento, ten entre os seus deportistas as persoas arriba indicadas con eiva física, psíquica ou sensorial.		

II.- COMPETICIÓN. Representatividade no sector (20 puntos)			
II.I.- Deportes de equipo	Cantidade	Multiplíca	Total
Ligas locais e competición Xogade		x2	
Ligas comarcais e provinciais		x3	
Ligas galegas, autonómicas ou rexionais		x10	
Ligas nacionais		x20	
II.II.- Deportes individuais	Cantidade	VALOR	Total
Ligas locais e competición Xogade		1 a 5 deportistas = 1 punto	
		+ 5 deportistas = x 2 cada 10	

Licenciados ou graduados en Ciencias da actividade física e do deporte.		x10	
Adestradores nacionais.		x5	
Adestradores rexionais, territoriais.			
Diplomados ou graduados en Educación Física.		x3	
Monitores básicos ou TAFAD.		x2	
Delegados, colaboradores e auxiliares.		x1	

IV.- PROMOCIÓN DEPORTIVA. Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria

IV.I.- Seccións deportivas	Cantidade	Multiplica	Total
N.º de seccións deportivas da entidade		x10	

IV.II.- Escola deportiva. Distribución semanal

PROXECTO DA ACTIVIDADE NON FEDERADA DO CLUB. Escolas deportivas non federadas.

ACTIVIDADE OU GRUPO:			
Descrición de obxectivos, metodoloxía, ratios alumnos.			
Mes inicio/fin:		Instalación:	
Dias/semana:		Horario:	

ACTIVIDADE OU GRUPO:			
Descrición de obxectivos, metodoloxía, ratios alumnos.			
Mes inicio/fin:		Instalación:	
Dias/semana:		Horario:	

ACTIVIDADE OU GRUPO:			
Descrición de obxectivos, metodoloxía, ratios alumnos.			
Mes inicio/fin:		Instalación:	
Dias/semana:		Horario:	

ACTIVIDADE OU GRUPO:			
Descrición de obxectivos, metodoloxía, ratios alumnos.			
Mes inicio/fin:		Instalación:	
Dias/semana:		Horario:	

IV. III.- Déficit de actividades no municipio.

	Multiplica	Total
A entidade é a única no municipio en desenvolver a promoción da	x10	

modalidade.		
--------------------	--	--

IV. IV.- Organización de probas ou eventos

EVENTO:

Descrición de tipo de evento:

Federado/Non federado:

Datas:		Instalación/lugar:	
Previsión participantes:		Previsión espectadores:	

EVENTO:

Descrición de tipo de evento:

Federado/Non federado:

Datas:		Instalación/lugar:	
Previsión participantes:		Previsión espectadores:	

EVENTO:

Descrición de tipo de evento:

Federado/Non federado:

Datas:		Instalación/lugar:	
Previsión participantes:		Previsión espectadores:	

EVENTO:

Descrición de tipo de evento:

Federado/Non federado:

Datas:		Instalación/lugar:	
Previsión participantes:		Previsión espectadores:	

EVENTO:

Descrición de tipo de evento:

Federado/Non federado:

Datas:		Instalación/lugar:	
Previsión participantes:		Previsión espectadores:	

	Cantidade	Multiplica	Total
Organización de actividades no ámbito da competición oficial ou federada.		x5	
Organización de actividades no ámbito da iniciación, promoción deportiva ou popular (non federados).		x2	

En Ferrol, na data da sinatura dixital

A/O presidenta/e da entidade	A/O secretario/a	A/O Tesoureira/o
------------------------------	------------------	------------------

**DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA E COMUNICACIÓN
DA BAIXA DE DATOS BANCARIOS**

DATOS DO ACREDOR	Nome ou denominación social		DNI
	Enderezo para efectos de notificación		Concello
	Código Postal	Teléfono 1	Teléfono 2
			E-mail

DATOS DO REPRESENTANTE	Datos do representante	
	Nome	NIF
Deberá achegar fotocopia compulsada de acreditación de representación		

SOLICITUDE	Solicito (marcar cunha "x" onde corresponda")			
		Alta de datos bancarios		
		Baixa de datos bancarios		
	IBAN	Código entidade	Código sucursal	Díxito de control
				Número de conta

PARA CUBRIR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO	Certifico, por petición da persoa citada no apartado <i>Datos do acredor</i> e para efectos da domiciliación, a existencia da conta sinalada no apartado <i>Alta de datos bancarios</i> aberta a nome do titular que figura no apartado <i>Datos do acredor</i>	
	Selo da entidade de crédito	Pola entidade de crédito
		Asinado

DATA E SINATURA	Data da solicitude	Sinatura da persoa acreedora ou representante
	Código da solicitude	
	04030-01	

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

Consonte co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 e da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de 2018, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, consinto expresamente que os meus datos de carácter persoal, facilitados á Entidade Concello de Ferrol sexan incorporados a un ficheiro do Concello de Ferrol.
En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito e presentándoo perante o Rexistro do Concello.

XF_OB (1)	ESTADO DE INGRESOS E GASTOS DA ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR
SUBVENCIONS A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS PARA FOMENTO E PROMOCION DO DEPORTE	Orzamento:

DETALLE DO ESTADO DE GASTOS PREVISTOS	
CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL GASTOS	

FINANCIAMENTO PREVISTO	
CONCEPTO	IMPORTE
Subvención do Concello de Ferrol:	
Outras subvencións:	
Achegas da entidade (cotas e inscricións):	
Outras axudas (patrocinio):	
Outros ingresos (venta de rifas, merchandising, ...):	
TOTAL INGRESOS	

En Ferrol		de		de	
-----------	--	----	--	----	--

Asdo.: A/O tesoureira/o	Visto e Prace: A/O presidenta/e da entidade
-------------------------	---

XF_ME MEMORIA DA ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR_XUSTIFICACIÓN.			
D. ^a / D.		Con NIF:	
Como presidenta/e da entidade:		Con CIF:	
EN NOME DA ENTIDADE QUE REPRESENTO DECLARO RESPONSABLEMENTE:			

OBXECTIVOS DO CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA DURANTE O PERÍODO QUE ABRANGUE A SUBVENCIÓN:

--

IMPACTO ECONÓMICO, SOCIAL E DE XÉNERO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:

--

PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN OFICIAIS:

DATOS DO PROXECTO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:

TEMPORALIDADE DO PROXECTO (Inicio – Fin da actividade) (Calendario da competición):

--

OBXECTIVOS XERAIS:

--

PREVISIÓN DE ACTIVIDADE E BENEFICIARIAS/OS RESPECTO DA TEMPADA ANTERIOR:

--

PREVISIÓN DE COMPETICIÓN A DISPUTAR PARA CADA EQUIPO/DEPORTISTA:

EQUIPO/ DEPORTISTA	COMPETICIÓN

BENEFICIARIAS/OS DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:			
	Mulleres	Homes	Total
DEPORTISTAS FEDERADOS			
N.º Beneficiarias/os participantes en competicións internacionais			
N.º Beneficiarias/os participantes en competicións nacionais			
N.º Beneficiarias/os participantes en competicións galegas			
N.º Beneficiarias/os participantes en competicións locais			
TOTAIS			
	Mulleres	Homes	Total
DEPORTISTAS NON FEDERADOS			
N.º Beneficiarias/os participantes			
TOTAIS			

EVENTOS DEPORTIVOS:	
ORGANIZACIÓN DE PROBAS OU EVENTOS DEPORTIVOS:	
Deberá xuntarse á solicitude a declaración responsable acerca da igualdade en premios e seguros.	
EVENTO:	
<ul style="list-style-type: none"> • Descrición do tipo de evento (categoría e nivel da competición): • Federado/Non federado: • Datas: • Lugar de realización: • Previsión de participantes: <ul style="list-style-type: none"> ▪ % Mulleres: ▪ % Homes: • Previsión de espectadores: • N.º deportes promovidos: • Descrición da actividade (Regulamento, carteis, ...): • Documentación gráfica: 	

OUTROS DATOS DE INTERESE DA ENTIDADE E DOCUMENTACIÓN GRÁFICA:	

En Ferrol		de		de	
-----------	--	----	--	----	--

Asdo.: A/O presidenta/e da entidade

SC_6	DECLARACIÓN RESPONSABLE A PRESENTAR A EFECTOS DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FOMENTO E A PROMOCIÓN DO DEPORTE			Orzamento <input type="text"/>
D.ª/D.: <input type="text"/>		Con NIF: <input type="text"/>		
En calidade de presidenta/e da				
ENTIDADE: <input type="text"/>		NIF:	<input type="text"/>	
A efectos de resultar beneficiaria a entidade que represento da subvención POR CONCORRENCIA COMPETITIVA contemplada no vixente Orzamento xeral do Concello de Ferrol, formulo respecto de dita entidade, baixo e miña responsabilidade, a presente				
DECLARACIÓN RESPONSABLE:				
<input type="checkbox"/> A totalidade dos gastos que se recollen na relación que integra a conta xustificativa presentada se refiren a gastos que responden en exclusiva á natureza da actividade subvencionada, resultaron estritamente necesarios para a realización do proxecto e adicáronse exclusivamente a tal fin.				
<input type="checkbox"/> Comprométese a aportar os documentos que tanto o órgano xestor, como a Intervención do Concello de Ferrol no exercicio do control financeiro posterior, teñan a ben solicitar.				
<input type="checkbox"/> Os gastos presentados non se van a utilizar noutras subvencións públicas ou privadas coma xustificantes de gasto.				
En relación coa obtención doutras axudas:(Marque o que proceda)				
<input type="checkbox"/> Non se obtivo nin está previsto obter no exercicio outras axudas para a mesma finalidade.				
<input type="checkbox"/> Obtívose ou está previsto obter no exercicio outras axudas coa mesma finalidade, segundo o detalle:				
1º.- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS PROCEDENTES DE CALQUERA ENTIDADE PÚBLICA OU PRIVADA PARA O MESMO OBXECTO.				
ENTIDADE	DESCRICIÓN DO TIPO DE SUBVENCIÓN OU AXUDA	C/S*	IMPORTE	
*C/S: cumprimentar (C) se foi concedida ou (S) se foi solicitada.				
2º.- DECLARACIÓN DOUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO (INGRESOS) DO PROXECTO OBXECTO DE SUBVENCIÓN.				
CONCEPTO			IMPORTE	
OUTRAS SUBVENCIÓNS:				

ACHEGAS DA ENTIDADE (cotas e inscricións):	
OUTRAS AXUDAS (patrocinio):	
OUTROS INGRESOS (venta de rifas, merchandising, ...):	
TOTAL	

En relación cos requisitos para obter a condición de beneficiario:

Non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria, de conformidade co artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Comprométese a manter o cumprimento de ditos requisitos durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención.

En relación ás obrigas do beneficiario:

Asume o compromiso, como beneficiaria, do cumprimento das obrigas que en cada momento procedan conforme ao artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Comprométese a manter o cumprimento de ditos requisitos durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención.

En relación ao cumprimento de obrigas:

Está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, do que da consentimento para a súa comprobación, e non é debedora por resolución firme de reintegro de subvencións. Comprométese a manter o cumprimento de ditos requisitos durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención.

O que afirmo, sendo coñecedora/o das obrigas que comporta a subscripción da presente declaración responsable, contempladas no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

E para que conste, asino a presente Declaración en

A/O PRESIDENTA/E (sinatura)

XF_OB (2)	ESTADO DE INGRESOS E GASTOS DA ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR
SUBVENCÍONS A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS PARA FOMENTO E PROMOCIÓN DO DEPORTE	Orzamento:

DETALLE DO ESTADO DE GASTOS REALIZADOS	
CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL GASTOS	

FINANCIAMENTO REALIZADO	
CONCEPTO	IMPORTE
Subvención do Concello de Ferrol:	
Outras subvencións:	
Achegas da entidade (cotas e inscricións):	
Outras axudas (patrocinio):	
Outros ingresos (venta de rifas, merchandising, ...):	
TOTAL INGRESOS	

En Ferrol		de		de	
-----------	--	----	--	----	--

Asdo.: A/O tesoureira/o	Visto e Prace: A/O presidenta/e da entidade
-------------------------	---

OUTROS INGRESOS

(De conformidade co previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

D. ^a /D.		Con NIF:	
Como presidenta/ e da entidade:		Con NIF:	

DECLARO QUE PARA ACTIVIDADE OBXECTO DESTA SUBVENCIÓN OBTIVEN OS SEGUINTE INGRESOS:

1º.- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS SOLICITADAS E/O CONCEDIDAS PROCEDENTES DE CALQUERA ENTIDADE PÚBLICA OU PRIVADA PARA O MESMO OBXECTO.

ENTIDADE	DESCRIPCIÓN DO TIPO DE SUBVENCIÓN OU AXUDA	C/S*	IMPORTE

*C/S: cumprimentar (C) se foi concedida ou (S) se foi solicitada.

	NON foron solicitadas nin concedidas outras subvencións ou axudas para o mesmo obxecto.
--	--

2º.- DECLARACIÓN DOUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO (INGRESOS) DO PROXECTO OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

CONCEPTO	IMPORTE
OUTRAS SUBVENCIÓNS:	
ACHEGAS DA ENTIDADE (cotas e inscricións):	
OUTRAS AXUDAS (patrocinio):	
OUTROS INGRESOS (venta de rifas, merchandising, ...):	
TOTAL	

En Ferrol		de		de	
-----------	--	----	--	----	--

Asdo.: A/O tesoureira/o

Visto e Prace: A/O presidenta/e da entidade

XF_G	CERTIFICACIÓN DOS GASTOS REALIZADOS					
D. ^a / D.		Con NIF		Como secretaria/o da entidade		Con CIF
CERTIFICO:						
<ul style="list-style-type: none"> Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención outorgada a esta entidade ao abeiro da convocatoria pública para o fomento e promoción do deporte correspondente aos clubs e entidades deportivas de Ferrol para o ano Que os gastos que se realizaron con cargo á subvención outorgada son os que se reflicten no seguinte cadro: 						

	PROVEDOR	NIF/ CIF PROVEDOR	N.º FACTURA	DATA EMISIÓN FACTURA	CONCEPTO	FORMA DE PAGAMENTO	IMPORTE TOTAL	DATA PAGAMENTO
1							€	
2							€	
3							€	
4							€	
5							€	
6							€	
7							€	
8							€	
9							€	
10							€	
11							€	
12							€	
13							€	

	PROVEDOR	NIF/ CIF PROVEDOR	N.º FACTURA	DATA EMISIÓN FACTURA	CONCEPTO	FORMA DE PAGAMENTO	IMPORTE TOTAL	DATA PAGAMENTO
14							€	
15							€	
16							€	
17							€	
18							€	
19							€	
20							€	
21							€	
22							€	
23							€	
24							€	
25							€	
26							€	
27							€	
28							€	
29							€	
30							€	
SUMA TOTAL							€	

En Ferrol		de		de	
-----------	--	----	--	----	--

A/O secretaria/o	Visto e Prace: A/O Presidenta/e	A/O Tesoureira/o
------------------	---------------------------------	------------------

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE